

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos datos en Galicia sobre a acollida de persoas co estatuto de refuxiadas en Galicia.

### Exposición de motivos

Xa son varias as iniciativas rexistradas polo Grupo Parlamentario de AGE para esixir que o executivo galego e o do estado cumpran coa súa responsabilidade como gobernos democráticos e garantan o dereito de asilo das persoas refuxiadas e concedan protección internacional, así como a salvagarda dos dereitos humanos máis elementais, coma o dereito á vida e á dignidade.

No Estado español déronse 4.485 solicitudes no 2013 e 5.947 solicitudes no 2014, datos que están moi lonxe das que se suceden noutros estados membro da Unión Europea (por poñer un exemplo, no ano 2013 houbo 126.705 solicitudes en Alemaña e 66.265 en Francia), onde se producen máis solicitudes. E, no entanto, o estado español é, de lonxe, o máis restritivo, o que menos estatuto de refuxiado concede. Así, no 2014, das 5.947 solicitudes só concedeu 384, mentres que no mesmo ano en Alemaña se concederon 33.310 e en Francia 12.020. O propio ministro de interior a finais de setembro de 2015 anunciaba que, con independencia das cotas correspondentes a persoas refuxiadas procedentes, principalmente de Siria, serían 18.000 as solicitudes neste 2016. Un incremento notable ao que non pode darse unha resposta restritiva ante o drama que pasan as persoas que escapan de países en guerra: no ano 2014 CEAR achegaba o dato terrible sobre a morte de 3.419 persoas no mar, no seu desesperado intento de chegar a Europa e sortear o perímetro-fortaleza en que se converteu a ética e a humanidade europea.

Cómpre lembrar, a este respecto, que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos ditou sentenza o 22 de abril de 2014 en contra de España por vulnerar o artigo 13 da Convención Europea para a protección dos Dereitos Humanos.

Aos datos xerais sobre solicitudes de asilo, temos que engadir a ineficacia e inoperancia ante as solicitudes de reasentamento e reubicación das persoas refuxiadas sirias. España afirmaba acoller no 2015 só a 854 persoas (organismos como Oxfam Intermón pensan que deberan ser 15.344 considerando a nosa posición e responsabilidade).

Oxfam Intermón afirma que o estado español –e por extensión Galicia- suspenden na resposta dada ante a dramática situación das persoas que escapan de países en guerra para solicitar refuxio e asilo político. De feito, só se destinou o 37% dos fondos que correspondían e a cota de reasentamento solicitada no 2015 era ínfima, 854. Para o 2016 deben ser 8.023 persoas. O ministro de interior afirmaba que “España está preparada” para acoller. En datas moi recentes, en resposta a unha pregunta formulada por AGE, a Directora Xeral de Familia comunicaba que Galicia estaba preparada, que contamos cun plan de acollida e integración, que se formaron a 700 voluntarios, que hai recursos, entón que falla, que motivos explican que non exista, 5 meses despois da trágica imaxe do neno morto na praia, ningunha persoa acollida en Galicia, e que se nos diga que no Estado son 18?????

No Congreso dos Deputados acordouse antes das eleccións de decembro non empregar ás persoas refuxiadas como confrontación política, mais este argumento politicamente correcto non pode ser escusa para xustificar a inacción, a desidia e mesmo a indiferenza e moito menos pode servir de escudo protector de declaracións racistas en voz de destacados persoeiros da vida política.

Apelando á ética e ao respecto dos dereitos humanos, e apelando á necesidade de rematar co sufrimento, coa dor e coa morte de seres humanos, chamamos a atención, máis unha vez, do executivo galego e do goberno central para que actúen conforme á ética, para que muden o significado da sentenza do TEDH do 22 de abril de 2014 e cumpran coa obriga de garantir a efectividade do Dereito de Asilo e en xeral dos Dereitos Humanos.

Por todo o exposto, este grupo parlamentario formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que desenvolva as actuacións oportunas diante do goberno central conducentes a facer realidade o plan de acollida e integración de persoas refuxiadas procedentes de Siria e outros países en guerra ou conflito.



En Compostela, a 02 de febreiro de 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 02/02/2016 12:48:11**

**Ramón Vázquez Díaz na data 02/02/2016 12:48:19**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 02/02/2016 12:48:24**

**Anton Sánchez García na data 02/02/2016 12:48:26**

**Eva Solla Fernández na data 02/02/2016 12:48:29**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 02/02/2016 12:48:33**